

ENTREVISTA A MARTA PÉREZ

por Antía Cons Pequeño

Marta Pérez é a directora de Inversa Teatro, unha compañía de teatro que ela mesma dirixe e produce dende o ano 2009, data da súa fundación, e que conta xa con cinco obras no seu repertorio.

Marta rematou a súa Licenciatura en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela no 2008, pero previamente xa comezara a súa andadura polas artes escénicas estudando interpretación tanto na Escola de Teatro Espacio Aberto como na Escola de Teatro Santart, ambas en Santiago de Compostela.

Previamente á fundación da compañía Inversa Teatro fora fundadora, copropietaria e produtora da Compañía de Teatro Arela das Artes dende o ano 2002 ata o 2007. Agora, coa Compañía profesional Inversa Teatro, Marta realiza funcións en España, Portugal e distintos países de Latinoamérica.

En Marzo deste ano estivo en Lugo representando dúas delas: *Fémína Sapiens* e *Té con Kant*, as cales recibiron grandes críticas por parte do público, e o día 28 acudiu á Facultade de Humanidades de Lugo para dar unha charla na que nos falou sobre a súa traxectoria profesional e as súas experiencias dentro do mundo cultural.

Sendo estudante de filosofía como é que remataches sendo actriz?

Eu penso que unha cousa non é en absoluto incompatible coa outra. A filosofía gústame moitísimo, reivindicóala na miña vida diaria, na miña forma de entender o mundo e a vida. E como a miña forma de entender o mundo e a vida tamén é a través do teatro, sexa a través da interpretación, da escrita de textos, da dirección, pois penso que non é incompatible senón que, é máis, me favorece moitísimo ter unha licenciatura como Filosofía para poder facer teatro e ser actriz, porque me permite pensar ou ser crítica con aspectos que quizais outras persoas que non teñen esta achega filosófica non chegarían. E a min si que me permite chegar aí, facer esas reflexións e ademais que non soamente é que me axude, senón que utilizo a filosofía para o teatro, como ben se puido ver en *Té con Kant* ou en *Fémína Sapiens*.

E podes explicar un pouco que é Inversa Teatro e como xurdiu a idea?

É ante todo un proxecto e un reto persoal a partir dunha crenza absoluta de que a través do

teatro se está facendo política e se están dando valores para a sociedade básicos e fundamentais. Unha das claves é a súa intención feminista; en todas as pezas de Inversa sempre cuestionei esta temática. Son muller e é algo que me interesa especialmente. Sobre todo dentro dun mundo ou unha institución tan patriarcal como pode ser a arte, que perpetúa moitas estruturas, ou como lle queiras chamar, patriarcalis.

Outro dos puntos clave para Inversa é a reivindicación de autores e autoras, de dramaturgos e dramaturgas galegas contemporáneas, a firme crenza de que o que se fai en Galicia pode ser moi exportable e a experimentación en todas as súas pezas. Unha experimentación que pode ser a partir dun texto máis filosófico, que é algo moi experimental hoxe en día porque case ninguén introduce a Filosofía no teatro, e a través do audiovisual, sonoro, visual, corporal, música. Entón, xuntando todos eses elementos, se conforma Inversa Teatro, que se pode ver que ten unha liña estética clara pero tamén unha liña ética, que é inseparable para min.

Xurdiu por inxerencias persoais de levar ó teatro obsesións miñas, que eu quería pór en escena.



≡ Marta Pérez entre a decana María Isabel González Rey e a profesora de filosofía María Xesús Vázquez Lobeiras.

Como lograches que Inversa Teatro pasase de representacións de ámbito local en Galicia a poder expandirse ó resto de España e incluso Latinoamérica?

Pois cun traballo enorme detrás, e sobre todo tocando pezas e contactos adecuados. Para tocar hai que ter primeiro outro tipo de contactos, polo que é un proceso de acumulación destes. Como levo adicada profesionalmente dende o 2002, pouquiño a pouco vas contactando con determinadas persoas, coas embaixadas de España, con centros AECID, etc. Isto ábreche portas e buscando, rebuscando, preguntando, sabendo de aquel que estaba aquí, doutros que saben que aquel estaba alí e tomando o risco de querer dar ese salto. Porque eu penso que hai un momento na vida en que hai que tomar unha decisión, e esta é: ti queres quedarte aquí ou queres facer algo máis. Se queres facer ese algo máis tes que realmente tomar ese risco, ter fe en ti, no que fas, e poñerte mans á obra. O de saír fóra foi, sobre todo, por festivais cos que contactei buscando a través de internet, investigando e buscando información, e intentando vender as miñas pezas e o que eu ofrezco coma algo que pode ser positivo para eles.

Pensas que os medios de comunicación ofrecen unha rápida e eficaz cobertura tanto das túas actividades coma das actividades culturais en xeral?

Penso que os medios de comunicación axudan, e esa debe ser a súa tarefa. Pero por experiencias que teño cos medios, ás veces hai que ter moito

coidado dependendo de que medios, porque ás veces pódennos poñer cousas que te desfavorecen máis que favorecerte. Por exemplo, vin un titular sobre min nun xornal que era “Marta Pérez dice que la gente en Brasil se sienta en el suelo de los teatros.” Ese foi un titular co que eu me quedei bastante sorprendida. Por suposto escribinlles e eles dixeron que o rectificarian, algo que lóxicamente logo non se fai.

Os medios de comunicación claro que axudan. E deben estar aí para iso, para prestar un servizo á cultura e que deberían empregar máis parte da que teñen nos xornais á cultura. Agora ben, os medios poden explotar un tipo de cousas e esquecerse de outras, polo tanto existe un pouco a tiranía da prensa, e isto tamén é unha dificultade que temos moitas veces que sobrepassar, que nós temos que facer a publicidade por outros medios, ben de forma directa ben vía Facebook, intentando que funcione ben e todo este tipo de cousas. E o que noto e percibo é que a través dese outro tipo de publicidade pois que chega, e chega moito. E logo o boca a boca, que sen dúbida é o que máis chega.

Pero eu tamén incido moito no tema da comunicación en publicidade. Son unha persoa moi constante niso e mando tamén cousas estéticas moi bonitas, como se pode ver con *Fémína Sapiens* ou *Té con Kant*, que son cousas que chaman a atención. Eu si que penso nese impacto publicitario, de cousas que entren polos ollos. Algo coidado porque, normalmente, cando un cartel está coidado é que o que está detrás tamén o está.

